

APHRA BEHN

Oroonoko

Traducido por M^a Fe González Fernández



Hugin e Munin

Ao contarvos a historia deste príncipe escravo, non pretendo entreter o meu lector coas aventuras dun heroe ficticio, cunha vida e fortuna que a imaxinación poida modelar ao gusto do poeta, nin tampouco quero, ao contar a verdade, adornala con ningún episodio, senón con aqueles que en realidade lle ocorreron. Este suceso verá a luz simplemente apoiado nos seus propios méritos e intrigas naturais, pois hai nel realidade abonda para sostelo e facelo ameno, sen ter que recorrer á invención.

Eu mesma fun testemuña ocular de gran parte do que aquí se narra e, aquilo que non puideren presenciar, sóbena de boca do protagonista principal desta historia, o propio heroe, que nos contou todos os pormenores da súa mocidade. E aínda omitirei, por cuestións de brevidade, un milleiro de pequenos acontecementos da súa vida que, por máis que fosen agradables para nós alí onde a historia é insuficiente e as aventuras moi escasas, poderían resultar aburridos e pesados para o meu lector, que vive un mundo no que atopa diversións novas e curiosas a cada minuto. Pero nós, que estamos completamente enfeitizados pola personalidade

